



Proxecto de Orde pola que se publican os modelos actualizados de solicitude de complemento de pensión para o alugueiro de vivenda a favor das/dos pensionistas da seguridade social na súa modalidade non contributiva para a súa presentación na Comunidade Autónoma de Galicia

Ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17^a da Constitución española, o Estado ten a competencia exclusiva en materia de réxime económico da seguridade social. No marco da dita competencia aprobouse o Real Decreto 1191/2012, do 3 de agosto polo que se establecen normas para o recoñecemento do complemento de pensión para o alugueiro de vivenda a favor das/dos pensionistas da seguridade social na súa modalidade non contributiva.

O artigo 33.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia, establece que en materia de seguridade social corresponderalle a Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do estado, non sendo as normas que configuran o réxime económico da mesma. Correspóndelle tamén á Comunidade Autónoma a xestión do réxime económico da seguridade social en Galicia, sen prexuízo da Caixa Única.

O Real decreto 1191/2012, do 3 de agosto, regula as normas necesarias para o recoñecemento, tramitación e o pagamento do complemento anual de pensión previsto no apartado IV.3 do anexo I.A do Real decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

O importe para o complemento de alugueiro será fixado anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado ou nunha norma regulamentaria no caso de que a Lei de orzamentos non se aprobara antes do primeiro día do exercicio económico correspondente.

O artigo 3 do Real decreto 1191/2012, do 3 de agosto, establece que a tramitación do procedemento para o recoñecemento deste complemento de pensión e a emisión da resolución que poña fin ao dito procedemento corresponde aos órganos competentes das respectivas Comunidades Autónomas, Deputacións Forais do País Vasco e Navarra, e Direccións Territoriais do Instituto de Maiores e Servizos Sociais de Ceuta e Melilla, que teñen atribuída a competencia para a xestión das pensións non contributivas da seguridade social.

Na Xunta de Galicia, a Consellería de Política Social asume, de conformidade co Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, o exercicio das competencias en materia de asistencia social, correspondéndolle propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito do benestar, que engloban as competencias en materia de servizos sociais incluíndo, entre outras as políticas de benestar social e inclusión social. Especificamente, a través do órgano de dirección competente en materia de inclusión social, lle corresponde xestionar as prestacións económicas derivadas do Real decreto lexislativo 8/2015, do 20 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da



Lei xeral da seguridade social, no relativo ás prestacións non contributivas e outros réximes vixentes de carácter transitorio.

De acordo co anterior e de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, procedeuse a unha revisión do formulario de solicitude do procedemento BS650F “complemento de pensión para o alugueiro de vivenda a favor das/dos pensionistas da seguridade social na súa modalidade non contributiva” e do procedemento de presentación na Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto publicar os modelos actualizados de solicitude de complemento de pensión para o alugueiro de vivenda a favor das/dos pensionistas da seguridade social na súa modalidade non contributiva para a súa presentación na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. *Presentación de solicitudes*

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As solicitudes poderanse presentar desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de cada ano.



Artigo 3. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento

1. A persoa pensionista para o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 2 do Real Decreto 1191/2012, do 3 de agosto polo que se establecen normas para o recoñecemento do complemento de pensión para o alugueiro de vivenda a favor das/dos pensionistas da seguridade social na súa modalidade non contributiva, deberá achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Documento que acredite a representación cando a solicitude se subscriba por persoa distinta a persoa beneficiaria da pensión non contributiva.

b) Copia compulsada do contrato de arrendamento en vigor, excepto cando se presente na sede electrónica da Xunta de Galicia que se achegará sen compulsar.

No caso de que xa fora presentado anteriormente non será necesario achegalo, para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou o citado documento.

c) Certificación acreditativa de propiedades expedida pola Dirección Xeral do Catastro, no caso de denegar a consulta.

d) Certificado de empadramento da persoa solicitante expedido polo concello no que teña fixado o seu domicilio, no caso de denegar a consulta.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación destes de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.



A través da carpeta do cidadán dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia os interesados poderán relacionarse electronicamente coa Administración competente e realizar os trámites necesarios para a tramitación do procedemento, consultar o seu estado de tramitación e coñecer os actos de trámite realizados.

5. Se a documentación achegada estivese incompleta, requirirase o solicitante para que, nun prazo de dez días hábiles, que comezará a contar o día seguinte ao de recepción do requirimento, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se non o fixese, terase por desistido da súa petición, e procederase ao arquivamento das actuacións despois da notificación da resolución en tal sentido, de acordo co establecido nos artigos 21 e 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións.

Artigo 4. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas Administracións públicas:

a) Para o requisito de carecer de vivenda en propiedade consultarase o ficheiro dispoñible na Oficina Virtual do Catastro.

b) Para o requisito de residencia habitual nunha vivenda alugada comprobaranse os datos mediante o acceso ao Sistema de Verificación de Datos de Residencia.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 5. Resolución e notificación

1. A resolución da concesión do complemento de pensión para o alugueiro de vivenda corresponderalle as Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social.

2. De conformidade co artigo 6 do Real decreto 1191/2012, do 3 de agosto, as resolucións dítanse e notifícanse as persoas solicitantes no prazo máximo de tres meses, contado desde a data na que a solicitude tivera entrada en calquera dos rexistros do órgano competente para a súa tramitación.

3. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícanse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas



a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

4. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación, electrónica ou en papel. No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

6. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entederase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

7. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 6. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten a disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio. Estes modelos presentaranse por medios electrónicos accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán presentalos presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Disposición adicional única. Datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación



das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Xestión de Servizos Sociais co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar ás persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Consellería de Política Social. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela ou a través dun correo electrónico a sxt.politicasocial@xunta.gal.

Disposición derradeira primeira. *Actualización de modelos normalizados*

O modelo normalizado aplicable na tramitación do procedemento regulado na presente disposición poderá ser modificado co obxecto de mantelo actualizado e adaptado á normativa vixente. A estes efectos, será suficiente a publicación deste modelo adaptado ou actualizado na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estará permanentemente accesible para todas as persoas interesadas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, de de 2017

José Manuel Rey Varela

Conselleiro de Política Social